



PLAN DE IGUALDADE

CPR.QUIÑONES DE LEÓN



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO
3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO
4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS XERAIS
Obxectivos concretos.
5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN

Organización do Centro.

Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

Inclusión de valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

Medidas de prevención, detección e intervención.

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN
7. ACTIVIDADES
8. ANEXOS

Anexo I Protocolos de actuación e documentos.

Medidas de prevención, detección e intervención ante posibles casos de discriminación, acoso escolar, violencia de xénero ou maltrato infantil por identidade de xénero.

Leis e decretos.

Medidas e actuacións.

Anexo II: Datos estatísticos

PLAN DE IGUALDADE

1- INTRODUCCIÓN

A igualdade entre mulleres e homes constitúe un principio reitor das sociedades democráticas.

A familia e a escola son os primeiros ámbitos de socialización e de construción dunha cultura que pode cambiar e perpetuar formas de pensamento e de acción social.

Pais, nais, profesores e profesoras son decisivos para a transmisión de valores de respecto, tolerancia e igualdade entre homes e mulleres.

2- CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, manifesta no seu preámbulo que a educación é o medio de transmitir e de renovar a cultura e o acervo de coñecementos, así como os valores que a sustentan.

O artigo 1 establece como principio de educación “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”

O artigo 2 establece que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e de oportunidades entre homes e mulleres”.

Co obxectivo de garantir a igualdade de trato e combater a discriminación por razóns de diversidade afectivo-sexual e identidade sexual, publícase a Lei 2/2014, que inclúe a mención expresa á eliminación de calquera indicio de discriminación que poidamos apreciar no sistema educativo, entre outras, por razóns de identidade de xénero.

No Plan de convivencia do Centro aparecen sinaladas accións orientadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Tamén no Plan de acción Titorial se recollen actividades encamiñadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, o respecto aos distintos colectivos e a resolución dos conflitos que suscitan.

3- ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO.

Datos estatísticos. (anexo II) Dos datos recabados deducimos que hai bastante paridade e non vemos desigualdade nos postos de responsabilidade, órganos de xestión, elección de delegados/as, abandono escolar, titulación, etc.

Uso de espazos escolares. Observamos o patio e chegamos a conclusión de que hai un uso sexista do mesmo, sobre todo cando se realizan deportes: fútbol, baloncesto, carreiras... A tendencia é que xoguen máis nenos ca nenas. Así mesmo cando se organizan campionatos deportivos, na organización dos equipos, aínda que propomos grupos mixtos, normalmente prefiren rapaces e non rapazas, sendo máis esaxerado en Educación Primaria ca en Secundaria.

Respecto a igualdade de xénero salientamos a necesidade de acometer diversas medidas encamiñadas a romper estereotipos de comportamento.

Tanto en Educación Infantil, Educación Primaria como en Educación Secundaria observamos certas condutas sexistas que pretendemos corrixir a través das medidas e actividades que levaremos a cabo ao longo de varios cursos, xa que logo, consideramos necesaria unha actuación a medio e longo prazo.

Respecto á violencia de xénero e aos colectivos LGBTI indicamos que xa levamos varios cursos traballando pola convivencia respectuosa. O noso traballo centrouse sobre todo nos cursos superiores, pois son os que presentaron maiores incidencias ao respecto. Observamos que cando se produce algún caso concreto, a tendencia da familia e da comunidade educativa en xeral, normalmente a petición da propia familia, é de discreción, de tal xeito que nunca hai unha visión normalizada da situación. Por elo consideramos moi importante informar, dar visibilidade e sensibilizar sobre a diversidade sexual e de xénero.

4- OBXECTIVOS COEDUCATIVOS XERAIS

- Impulsar a igualdade entre os sexos dentro da comunidade educativa.
- Fomentar no centro os valores, as actitudes e as prácticas que permitan o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Traballar a través das distintas actividades do currículo a importancia da igualdade entre o home e a muller.
- Potenciar no alumnado o concepto de coeducación e de igualdade mediante a transmisión de valores sociais como a tolerancia, o respecto, a igualdade, a xustiza e a cooperación.
- Realizar actuacións de información e sensibilización sobre diversidade sexual e de xénero dirixidas ao alumnado, con especial atención ao recoñecemento e normalización da realidade transexual, incluíndo actividades de autoconecemento, coñecemento mutuo, empatía, aprecio e comunicación para favorecer a cohesión do grupo.
- Mellorar as relacións persoais entre o alumnado. (Plan de convivencia).
- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar.
- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
- Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.

4.1 Obxectivos concretos

COMUNIDADE EDUCATIVA:

- Desenvolver as actividades do centro e aula contemplando a perspectiva de xénero e evitando calquera tipo de discriminación.
- Fomentar o diálogo, a comunicación e o respecto como elementos básicos para a convivencia.
- Revisar os documentos oficiais do centro para modificar todos aqueles aspectos que conteñan unha linguaxe sexista ou algún tipo de discriminación por razón de xénero.
- Crear materiais didácticos nas aulas e adicar tempos a tratar temas relacionados coa igualdade de xénero.
- Realizar un listado de sitios web de interese no ámbito da igualdade de xénero.
- Prestar especial atención a tratos discriminatorios dentro e fóra do centro.

- Promover condicións escolares que favorezan prácticas educativas correctoras de estereotipos de dominación e dependencia, xerando un modelo de ensino-aprendizaxe nos que os valores e capacidades humanas se desenvolven independente do sexo.
- Ofrecer aos nenos e nenas modelos de actuación diversos e non estereotipados.
- Proporcionar información sobre mulleres que foron significativas na súa época histórica e que non figuran habitualmente nos libros de texto.

ALUMNADO:

- Desenvolver actitudes de igualdade no entorno próximo e modificar aquelas que reflexen comportamentos sexistas.
- Recoñecer e analizar a imaxe da muller na actualidade.
- Suprimir da linguaxe habitual expresións e insultos de carácter sexista e ensinalos a utilizar recursos e alternativas non sexistas no uso da linguaxe.
- Adquirir e asumir por parte do alumnado valores baseados nos criterios de igualdade, que se manifesten en comportamentos, hábitos, actitudes e valores non sexistas.
- Fomentar un maior coñecemento das diferenzas entre nenos e nenas, mulleres e homes, que permita evitar e corrixir as discriminacións que se poidan derivar.
- Educar na corresponsabilidade no ámbito doméstico fomentando a colaboración nas responsabilidades domésticas no ámbito familiar dos alumnos e alumnas.
- Favorecer relacións de amizade, aceptación e cooperación, así coma, establecer relacións saudables entre o alumnado.
- Valorar os xogos e xoguetes que devolvan actitudes e comportamentos de cooperación, amizade, respecto ás diferenzas, relacións de igualdade, etc.
- Desenvolver no alumnado un autoconcepto positivo no ámbito das relacións interpersoais e cotiás.
- Reflexionar co alumnado sobre actitudes violentas contra as mulleres e aprender modos de comportamento pacíficos, tolerantes e de respecto mutuo.
- Eliminar todos os xogos nos que se incite á discriminación por razóns de sexo.

FAMILIAS:

- Fomentar a participación das familias no proceso coeducativo do alumnado.
- Concienciar ás familias do seu papel na transmisión de valores.
- Facilitar pautas de actuación aos pais/nais.
- Mellorar o intercambio de experiencias e reflexión individual e colectiva.

5- MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN

Organización do Centro

- ✓ Creación dunha comisión encargada da elaboración, seguimento e avaliación do plan, que quedará composta por:
 - Don José Zas, coordinador de Educación Infantil.
 - Dona Lucía Pardo, coordinadora de Educación Primaria.
 - Dona Noemí Rodríguez, profesora de Educación Primaria.
 - Dona Ruth Lozano, coordinadora de Educación Secundaria.
 - Dona M^a del Carmen Fajardo, coordinadora do Departamento de Orientación.
 - Don Javier Cendón, secretario do Equipo directivo.

Dona Isabel Faya, Xefa de Estudos.

Dona Elena Santasmarinas, representante elixida no Consello Escolar.

Reunirémonos con carácter ordinario polo menos unha vez cada trimestre e con carácter extraordinario cada vez que o consideremos necesario.

Reunións realizadas:

15/10/2019 Convocados os coordinadores das etapas, a coordinadora do D.O, o secretario e a Xefa de estudos. Hora: 18:00. Asuntos: constitución da comisión, explicación do plan e dos seus puntos...

29/10/2019 Convocados os coordinadores das etapas, a coordinadora do D.O, secretario e a Xefa de estudos. Hora: 17:30. Asuntos: posta en común, ideas e proposta de actividades; escollemos a un membro do equipo para que presente o plan no Consello Escolar en el nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar.

5/11/2019 Hora: 17:30h. Asuntos: presentación do Plan, axustes e comentarios, inclusión de actividades concretas.

O documento que estamos a elaborar será presentado para a súa aprobación ao Claustro e ao Consello Escolar que se celebrará o 12 de novembro de 2019.

- ✓ No Consello Escolar do 12 de novembro de 2019 foi nomeada Dona Elena Santasmarinas que será a responsable en materia de igualdade.
- ✓ Incidir a través de distintos comunicados do emprego dunha linguaxe inclusiva e igualitaria nas actividades do centro.
- ✓ Colaboramos co Concello de Vigo, a través das actividades coeducativas, que nos propoñen.
- ✓ Datas relevantes:
 - 25 de novembro:** día internacional Contra a Violencia de xénero:
Charla no Concello de Vigo: “Mozos/as rompendo estereotipos” (4º ESO)
Concurso Micromachismos coercitivos, encubertos e de crise. (3º e 4º ESO).
 - 30 de xaneiro:** Día da Paz.
Realización dunha unidade didáctica dirixida a todo o alumnado do Centro en que, a través de distintas actividades, incidiremos na educación afectivo-sexual para a superación de prexuízos e estereotipos.
 - 8 de marzo:** Día da muller traballadora.
Realización de actividades onde se promova unha visión da muller igualitaria. Poñendo en valor os logros individuais e colectivos das mulleres.
- ✓ Invitaremos a todo o colectivo profesional do centro a que participe en programa específicos de igualdade de xénero ofertados por distintos organismos.
- ✓ Proporemos a revisión dos distintos materiais didácticos con perspectiva de xénero.

Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

- ✓ Revisión ao longo do curso das programacións didácticas incluíndo, por unha banda, un novo punto que faga referencia directa ao Plan de Igualdade, na programación de actividades

encamiñadas a potenciar as directrices do mesmo, e por outra, incluír as mulleres relevantes en cada ámbito de saber.

- ✓ Revisar os materiais empregados na aula: murais, carteis, notas, informacións varias, imaxes... evitando en todo momento estereotipos de xénero.
- ✓ O/A titor/a realizará actividades de información e sensibilización ao longo do curso. Polo menos unha por trimestre. (ANEXO II batería de actividades).
- ✓ O Centro tentará realizar actividades de información e sensibilización ao longo do curso dirixidas ás familias.

Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- Crear un taboleiro para a difusión da información.
- Propoñer a creación dun estante na biblioteca escolar onde se promovan as lecturas coeducativas.
- A xestión do PATIO. (Proposta dunha distribución inclusiva do mesmo).
- Dende o Departamento científico-tecnolóxico, animar á participación paritaria nas actividades non obrigatorias. (experiencias de laboratorio, obradoiros...).

Inclusión de valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

- A través de todos os departamentos e os equipos de ciclo promover o respecto, a cooperación, a intervención social e maiormente a corresponsabilidade na creación de actividades e no uso de metodoloxías axeitadas, para acadar entre todos e todas unha mellor convivencia escolar, pois toda a comunidade educativa debe estar implicada.

Medidas de prevención, detección e intervención (Anexo I)

6- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A través das distintas fichas elaboradas realizaremos a recollida dos datos necesarios para realizar a avaliación das actividades desvoltas, a consecución dos obxectivos e logros e a elaboración das propostas de mellora para o próximo curso.

Fichas de avaliación

Linguaxe sexista

Fichas de observación da linguaxe escrita.

Cartelería

Data de observación			
	Masculino	Masculino e feminino	Neutro
Dirección			
Secretaría			
Sala profesorado			
Aulas/outros espazos			

Notas que se envían

Data de observación			
	Masculino	Masculino e feminino	Neutro
Do Centro			
Da Ampa			
Boletíns e notas			

Convocatorias

Data de observación			
	Masculino	Masculino e feminino	Neutro
Consello Escolar			
Claustro			
Reunións			

Actas

Data de observación			
	Masculino	Masculino e feminino	Neutro
Consello Escolar			
Claustro			
CCP			
De Ciclos e Dep.			

Proxectos

Data de observación			
	Masculino	Masculino e feminino	Neutro
Educativo			
Programacións			
Plans			

Distribución de espazos e tempos

RECREO	E.I.			E.P			ESO		
	H	M	TO	H	M	TO	H	M	TO
Deporte (especificar)									
Xogo (especificar)									
Actividade pasiva: sentados bocadillo, cartas, etc.									

Fichas de observación de agresións verbais

Lugar observado:						
Nº de INSULTOS	H/M	H/M	H/M	H/M	TOTAL	
Ao corpo (ex.: estás como unha vaca...)						
Á intelixencia (ex.: es un burro...)						
Sexuais (ex.: marica, puta...)						
Á familia (ex.: fillo de...)						
Racistas (ex.: machupichu, tec.)						
Nº de DESPREZOS	H/M	H/M	H/M	H/M	TOTAL	
Burlas, risos, comentarios...						
Desvalorización						
Alcumes ofensivos						
Nº de AMEAZAS	H/M	H/M	H/M	H/M	TOTAL	
Ao corpo						
Sexuais						
Outras						

Fichas de observación de agresións físicas

Lugar observado:					
Nº de AGRESIÓNES ESCRITAS	H/M	H/M	H/M	H/M	TOTAL
Grafitis/mensaxes					
Cartas, notas, mails...					
Debuxos					
Whatsapp					
Redes sociais (Facebook, twitter, etc.)					

AVALIACIÓN DO PLAN DE IGUALDADE

INDICADORES DA AVALIACIÓN FINAL GLOBAIS: INTENSIDADE	Nº	
Nº de actividades deseñadas ou propostas		
Nº de actividades levadas a cabo		
Nº de horas totais empregadas		
Nº de actividades levadas a cabo con axentes externos.		
Orzamentos		

Indicadores de participación

Participación			
Nº de persoas que compoñen o Equipo de Igualdade	Mulleres	Homes	Total
Nº de persoas docentes que executan actividades deseñadas dentro do P.I.			
Nº de axentes externos implicados			
Nº de persoas do centro que participan en actividades de formación.			
Especificar cursos.			

INDICADORES EFECTO/IMPACTO NO ALUMNADO			
LINGUAXE E CONTIDOS SEXISTAS			
Nº de carteis cambiados	Mulleres	Homes	Total
Nº de recursos didácticos creados con contidos que visibilizan as mulleres na literatura			
Nº de recursos didácticos creados con contidos que visibilizan as mulleres en Ciencias			
Nº de recursos didácticos creados... especificar			
Engadir outros recursos creados			

Grado de consecución dos obxectivos das actividades	Puntos fortes	Puntos débiles
Nome da actividade 1:		
Observacións/Áreas de mellora		
Nome da actividade 2:		
Observacións/Áreas de mellora		

Nome da actividade 3:		
Observacións/Áreas de mellora		
Nome da actividade 4:		
Observacións/Áreas de mellora		
Nome da actividade 5:		
Observacións/Áreas de mellora		
Nome da actividade 6:		
Observacións/Áreas de mellora		
Nome da actividade 7:		
Observacións/Áreas de mellora		

VALORACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS XENERAIS DO P. I.

GRAO DE CUMPRIMENTO	BAIXO	MEDIO	ALTO
OBXECTIVO 1:			
OBSERVACIÓNS			
OBXECTIVO 2:			
OBSERVACIÓNS			
OBXECTIVO 3:			
OBSERVACIÓNS			
OBXECTIVO 4:			
OBSERVACIÓNS			

VALORACIÓN XERAL DO PLAN DE IGUALDADE

	PUNTOS FORTES	PUNTOS DÉBILES
Valoración xeral do deseño do Plan de Igualdade		
Observacións e aspectos a mellorar:		
	PUNTOS FORTES	PUNTOS DÉBILES
Valoración xeral da execución do Plan de Igualdade		
Observacións e aspectos a mellorar:		

7- ALGUNHAS ACTIVIDADES

ACTIVIDADE 1

Érase unha vez un conto ao revés

Material: folios, bolígrafos, pinturas e rotuladores.

1. Na actualidade, existen multitude de contos non sexistas dispoñibles que poden empregarse para esta dinámica.

Este é un exemplo:

O PRÍNCIPE CINCENTO

O príncipe Cincento non parecía un príncipe, porque era baixiño, pencoso, sucio e delgado. Tiña tres irmáns grandullóns e peludos que sempre se burlaban del. Estaban sempre no Disco Pazo cunhas princesas que eran as súas noivas. E o pobre Príncipe Cincento sempre na casa, limpa que te limpa o que eles ensuciaban.

- Se puidese ser forte e peludo coma os meus irmáns! –Pensaba xunto ao lume, canso de traballar.

O sábado pola noite, mentres lavaba calcetíns, unha fada cochambrosa caeu pola cheminea. - Cumpriranse todos os teus desexos- dixo a fada. - Zis Zis Bum, Bic, Bac Boche, esta lata baleira será un coche. ¡Bif, baf bom, bo bo bas, á discoteca irás!

- ¡Isto non marcha! – dixo a fada. Creara un coche de xoguete diminuto, e o príncipe non se movera da cociña...

- ¡Dedo de rata e ollo de tritón salvaxe, que os teus farrapos se convertan nun traxe! –berrou a fada, pero só conseguiu un ridículo bañador de raias para o príncipe.

- Bo...agora cumprerei o teu desexo máis importante. ¡Serás forte e peludo a tope!

E vaia se era un Cincento grande e peludo: ¡Convertérase nun mono!

- ¡Carai! – dixo a fada-. Errei de novo, pero estou segura de que a medianoite romperase o feitizo...

Pouco imaxinaba o Príncipe Cincento que era un mono grande e peludo por culpa daquel erro. ¡El víase tan fermoso! E así foi correndo á discoteca. O coche era moi pequeno, pero sacoulle proveito. Pero ao chegar a aquela disco de príncipes, era tan grande que non pasaba pola porta! E decidiu volver a casa en autobús. Na parada había unha princesa moi fermosa.

- A que hora pasa o autobús? – gruñiu, asustando á princesa.

Por sorte, deron as doce e o Príncipe Cincento volveu a ser coma antes. A princesa creu que a salvara espantando a aquel mono peludo.

-¡Agarda!- berrou ela, pero o Príncipe Cincento era tan tímido que xa botara a correr. ¡Ata perdeu os pantalóns!

Aquela Princesa resultou ser a rica e fermosa Princesa Lindapasta. Ditou unha orde para atopar ao dono dos pantalóns. Príncipes de lonxanas terras tentaron poñelos, pero os pantalóns retorcíanse e ninguén o logrou. Como era de esperar, os irmáns do Príncipe Cincento pelexaban por probalos.

Que os probe el, -ordenou a princesa, sinalando o Príncipe Cincento. - Este mequetrefe non poderá poñelos -burláronse os seus irmáns... pero conseguíuno! A Princesa Lindapasta declarouse no momento. O Príncipe Cincento casou coa Princesa Lindapasta e foron ricos e felices por sempre xamais.

A Princesa Lindapasta falou coa fada dos tres peludos... e esta converteunos en fadas domésticas. E desde esa, tocoulles facer os labores da casa, por sempre xamais.

* Autora: Babette Cole. Fuente:

<http://es.scribd.com/doc/28051167/elprincipe-cenicento>

2. Unha vez lido o conto, propoñemos que expresen que ideas lles suxire o conto e cal é a moralexa.

Preguntas clave:

Normalmente lemos contos coma este?

Como son os contos tradicionais?

3. Organizamos un concurso de contos non sexistas, no que cada participante poida presentar un relato de tema libre que comente a igualdade de oportunidades e evite os estereotipos de xénero.

4. Mentres redactan o conto, podemos axudarlles a diferenciar que personaxes ou actitudes poden considerarse sexistas.

5. Unha vez redactado o texto, pódense engadir ilustracións ou debuxos para decoralo, sempre evitando os roles tradicionais de xénero.

- ✓ O premio pode consistir en publicar o conto na web do cole, tamén se pode empregar para realizar unha obra de teatro no día de Portas Abertas.

ACTIVIDADE 2

Eliximos os nosos xoguetes

Material; catálogos de xoguetes, folios, cartolinas, pinturas.

1. Ao acercarse as vacacións, as xogueterías editan un catálogo para que nenos e nenas escollan os seus xoguetes. Estes, a miúdo, están repletos de publicidade sexista que fomenta de forma visible os estereotipos de xénero.

2. Dividímonos por parellas ou pequenos grupos, e repartimos os catálogos. Outra opción é empregar catálogos virtuais dispoñibles en internet, e proxectalos nunha pantalla.

3. Pedimos a nenos e nenas que boten unha ollada ao catálogo durante uns minutos.

4. Explicamos o concepto de estereotipo e rol de xénero. Podemos por exemplos empregando o propio catálogo (seccións de xoguetes separadas para nenos e nenas, uso das cores rosa e azul, clasificación de xoguetes domésticos, de aventuras, bonecas e monstros, etc.)

Preguntas clave:

Parécevos ben que se dividan os xoguetes desta forma?

Que digan a que podedes xogar e a que non?

Que vos dirían os adultos ás nenas se escolledes un “xoguete de nenos”?

E aos nenos se escolledes un “de nenas”?

5. Pódese ampliar a actividade facendo un catálogo non sexista entre todos:


- Repartimos por grupos as diferentes seccións (bonecas, coches, manualidades...).

- Cada grupo realiza unha folla do catálogo evitando estereotipos de xénero mediante debuxos ou collages.

- Unimos as seccións e facemos unha portada.

8- ANEXOS

ANEXO I PROTOCOLO DE ACTUACIÓN E DOCUMENTOS





PLAN IGUALDADE - ANEXO I

Reunidos:

.....
.....
.....
..... o día.....de.....de.....por mor do

caso que se redacta e que podería constituír unha falta tipificada no Plan de Igualdade do centro.

Redacción do caso:

- Decídese que non queda probado
- Decídese que queda probado e constituíe unha falta de:
- Acoso
- Violencia de xénero
- Maltrato
- Falta de respecto á identidade sexual
- Outra:.....

E decídese que se tomarán as medidas seguintes:

O/A director/a

Os/As titores /as

O/A xefe/a de
estudos

O/A orientador/a

O resp. P.I.

Copia para xefe/a de estudos



PLAN IGUALDADE - ANEXO II

Reunidos:

.....
.....
.....
..... o día.....de.....de por mor do caso
ao que se refire o ANEXO I e que constitúe unha falta tipificada no Plan de Igualdade do centro, cos pais do/a
alumno/a agresor/a

Deciden:

Apercibir a este/a alumno/a e aos seus pais da falta tipificada no Plan de Igualdade cometida polo/a
rapaz/a e da incoación de medidas disciplinarias se se repetise o caso.

Medidas cautelares (se has hai):

O/A director/a

Os/As titores
/as

O/A xefe/a de
estudos

O/A
orientador/a

O resp. P.I.

Os pais/titores
do menor

Copia para xefe/a de estudos e expediente



PLAN IGUALDADE - ANEXO II-1

Reunidos:

.....
.....
.....
..... o día.....de.....de.....por mor do
caso ao que se refire o ANEXO I e que constitúe unha falta tipificada no Plan de Igualdade do centro, cos pais
do/a alumno/a agredido/a

Informan:

De que o/a alumno/a e os seus pais foron apercebidos da falta cometida e tipificada no Plan de Igualdade
e da incoación de medidas disciplinarias se se repetise o caso.

Medidas cautelares (se has hai):

O/A director/a

Os/As titores
/as

O/A xefe/a de
estudos

O/A
orientador/a

O resp. P.I.

Os pais/titores
do menor

Copia para xefe/a de estudos e expediente



PLAN IGUALDADE - ANEXO III

Reunidos:

.....
.....
.....
..... o día.....de.....de.....por mor do

caso ao que se refire o ANEXO I e que constitúe unha falta tipificada no Plan de Igualdade do centro, cos pais do/a alumno/a agredido/a

Informan:

Que a falta se repetiu na(s) data(s).....

Cos seguintes detalles a engadir ao redactado no ANEXO I:

Polo que se pon en coñecemento dos pais do/a alumno/a agresor/a que se tomarán medidas disciplinarias polas faltas cometidas por este/a, que lles serán comunicadas nunha vindeira reunión.

Medidas cautelares (se has hai):

O/A director/a

Os/As titores/as

O/A xefe/a de estudos

O/A orientador/a

O resp. P.I.

Os pais/titores do menor

Copia para xefe/a de estudos e expediente



PLAN IGUALDADE - ANEXO IV

Reunidos:

.....
.....
.....
..... o día.....de.....de por mor do caso ao que se refiren os ANEXOS I-III e que constitúe unha falta tipificada no Plan de Igualdade do centro, e unha vez deliberado, deciden tomar as seguintes medidas disciplinarias:

Que se poñerán en coñecemento dos pais dos menores (agresor/a e agredido/a) e destes, e que entrarán en vigor en canto esta comunicación sexa efectuada.

O/A director/a

Os/As titores /as

O/A xefe/a de estudos

O/A orientador/a

O resp. P.I.

Copia para xefe/a de estudos e expediente



PLAN IGUALDADE - ANEXO V

Infórmase aos pais do/a alumno/a: da resolución tomada en data:dede..... polo equipo que instrúe o caso detallado en ANEXOS I-IV e que consiste no seguinte:

As medidas disciplinarias aquí tomadas entrarán en vigor o día hábil seguinte á firma deste ANEXO V.

O/A director/a

Os/As titores
/as

O/A xefe/a de
estudos

O/A
orientador/a

O resp. P.I.

Os pais/titores
do menor

Copia para xefe/a de estudos e expediente

Medidas de prevención, detección e intervención ante posibles casos de discriminación, acoso escolar, violencia de xénero ou maltrato infantil por identidade de xénero.

Cando se constate que o atentado contra a dignidade do/a menor foi por causas relacionadas coa súa identidade de xénero, aplicaranse as medidas correctoras correspondentes e, en particular, a expulsión de centro, temporal ou definitiva, da persoa infractora, como medidas correctoras asociadas ás condutas que vulneran a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñen como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no sexo, orientación sexual ou identidade sexual, segundo se recolle no **artigo 124 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio**, de educación segundo a redacción dada pola **Lei 8/2013, do 9 de decembro**, para a mellora da calidade educativa.

Calquera membro da comunidade escolar que teña coñecemento ou sospeita dunha situación de acoso escolar, violencia de xénero ou maltrato infantil de calquera alumno ou alumna, por identidade de xénero dentro do centro escolar, ten a **obriga de poñelo en coñecemento** dos responsables do centro segundo os procedementos que cada centro estableza no seu plan de convivencia.

Naqueles casos nos que, a causa da actitude da familia, dun ou de ambos proxenitores, cara á identidade de xénero do alumno ou da alumna, se detecten indicios de non respecto da identidade sexual do ou da menor, que poidan supoñer unha situación de maltrato, ao obxecto de garantir o interese superior do menor, actuarase segundo os **protocolos establecidos polos servizos de asistencia e protección de menores**.

Leis e Decretos

- Lei orgánica 2/2006, do 3 maio, de educación coas modificacións previstas pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

8.3 Medidas e actuacións

Comunicación aos centros Cando un alumno ou unha alumna, ou os seus representantes legais, no caso de menores de idade non legalmente emancipados, manifesten mediante comunicación escrita ao centro educativo unha identidade de xénero diferente daquela que lle foi asignada no nacemento e, polo tanto, na documentación civil, tomaranse as medidas necesarias para garantirlle os dereitos que lle asisten, así como un axeitado proceso de acompañamento e apoio no ámbito educativo.

Para tal fin o equipo directivo trasladará inmediatamente esta información á xefatura do departamento de orientación para que se analice o caso e se activen os recursos que poidesen ser necesarios en materia de orientación e apoio, dentro da atención á diversidade e en atención ao principio de inclusión.

Se calquera membro do persoal docente observa nun/ha alumno/a, manifestacións ou comportamentos repetidos e prolongados no tempo que revelen unha expresión de xénero ou identidade sexual que puidese non coincidir co sexo asignado ao nacer, sen que os seus representantes legais advertisen nada ao respecto, debe informar a dirección do centro. A dirección, conxuntamente co titor ou titora, e co apoio do departamento de orientación, establecerá unha xuntanza cos representantes legais do ou da menor que abordará a situación percibida, poñéndose á disposición das familias para a achega de toda a información necesaria para abordar esta situación de diversidade.

Unha vez realizada a manifestación expresa ao centro educativo, e realizado o informe psicopedagóxico, a dirección do centro establecerá unha reunión de coordinación co alumnado e cos seus representantes legais, se os tiver, coa xefatura do departamento de orientación e co/coa titor/a do alumno ou da alumna.

Nesta reunión, conxuntamente, e dando a mellor resposta posible ás necesidades específicas de apoio educativo no marco do plan de convivencia do centro e, de acordo con estas orientacións, estableceranse as medidas organizativas de aceptación/respecto no centro e de atención que se precisen, que serán adoptadas en exclusivo interese do menor.

Se algún dos representantes legais do menor non emancipado se opuxese á adopción das medidas anteriores, a dirección tomará as medidas precisas que garantan o respecto ao interese superior do menor.

Unha vez establecidas estas medidas, daráselles traslado do seguinte xeito:

- **A persoa titora** trasladará ao equipo docente aquelas cuestións de relevancia para o exercicio das súas funcións.
- **En reunión de claustro** comunicaranse a este todas aquelas medidas que afecten o total de docentes do centro.
- **A secretaría do centro**, por delegación da dirección, trasladará a información estritamente necesaria ao persoal non docente.

ANEXO II

DATOS ESTADÍSTICOS

▪ Representación profesorado/alumnado en órganos de decisión (2019-20)

Equipo directivo:

Homes Mulleres

Consello Escolar:

Homes Mulleres

▪ Nivel de titulación (Graduado en ESO) (2018-19)

Matriculados en 4º ESO:

Homes Mulleres

Titulados:

Homes Muller



▪ **Inclusión no grupo de referencia (2019-20)**

Alumnado repetidor en cursos de ESO

1º ESO

Matriculados:

Homes

37%

 Mulleres

63%

Repetidores:

Homes

0%

 Mulleres

100%

2º ESO

Matriculados:

Homes

45%

 Mulleres

55%

Repetidores:

Homes

25%

 Mulleres

75%

3º ESO

Matriculados:

Homes

68%

 Mulleres

32%

Repetidores:

Homes

67%

 Mulleres

33%

4º ESO

Matriculados:

Homes

25%

 Mulleres

75%

Repetidores:

Homes

25%

 Mulleres

75%

O presente documento foi presentado e aprobado polo Claustro e polo Consello Escolar celebrados o día 12 de novembro de 2019.

